

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP A LOMBA

REVISIÓN Nº :
DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 15/11/22

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 15/11/22

DATA 1ª REVISIÓN: 2026

DATA 2ª REVISIÓN:

Os centros docentes disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e as súas respectivas normas de organización e funcionamento.

O proxecto educativo de centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación

A táboa de contido da páxina seguinte actualízase automaticamente. Desenvolver os puntos que están a partir da páxina 2 inserindo o texto despois de cada un deles. Ao remate do documento actualizar a táboa de contido co botón dereito.

TÁBOA DE CONTIDO

1. CONTEXUALIZACIÓN4
 - 1.1. Resumo histórico4
 - 1.2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna4
 - 1.3. Características do alumnado6
2. VALORES, FINS E PRIPORIDADES DE ACTUACIÓN7
3. O CENTRO8
 - 3.1. Instalacións8
 - 3.2. Horarios xerais do centro9
 - 3.3. Área de influencia e centros adscritos11
4. OFERTA EDUCATIVA12
 - 4.1. Etapas educativas12
 - 4.2. Organización da oferta14
5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS15
 - 5.1. Comedor15
 - 5.2. Transporte escolar17
 - 5.3. Outros servizos18
6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES18
7. ESTRUTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA19
8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURALS DO ENTORNO21
9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO0
10. PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO1

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1- RESUMO HISTÓRICO

Denominación: CEIP A Lomba

Código do Centro: 36012407

Domicilio: Edificio A Lomba: A Xunqueira s/n
Edificio Anexo: Xardíns Dr. Fleming s/n

Localidade: Vilagarcía de Arousa

Provincia: Pontevedra

Código Postal: 36600

C.I.F: Q86551811

Teléfono: 886151805 / 886151847 (Anexo)

Fax: (Anexo)

O CEIP A Lomba é un centro que consta de dous edificios separados a uns 2Km. Aproximadamente de distancia.

O Edificio Lomba, ubicado na rúa A Xunqueira, estrenouse no ano 2008; despois dunha remodelación total do edificio debido ao seu estado deteriorado.

O Edificio Anexo atópase ubicado no Xardín Fleming e trátase do antigo Centro de Ensinanza Media e Profesional

1.1.2- SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O CEIP A Lomba atópase no concello de Vilagarcía de Arousa. **Vilagarcía de Arousa** é un concello da provincia de Pontevedra, pertencente á Comarca do Salnés.

Vilagarcía de Arousa atópase na parte meridional da ría de Arousa formando unha ampla enseada. Ten unha extensión de 47,14 km². Limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis e ao sur con Vilanova de Arousa. O extremo norte do concello, a parroquia de Bamio, sitúase xa na confluencia do río Ulla co océano mentres que no sur destaca o Monte Lobeira cunhas boas vistas de toda a baía.

A súa extensión repártese en parroquias: Arealonga (Santa Baia) | Bamio (San Xens) | O Carril (Santiago) | Cea (San Pedro) | Cornazo (San Pedro) | Fontecarmoa (San Pedro) | Rubiáns (Santa María) | Sobradelo (San Salvador) | Sobrán (San Martiño de Fóra) | Sobrán (San Martiño) | Solobeira (San Fins) | Vilagarcía (Santa Baia). Tamén se reparte en varios barrios: San Roque, San José, A Escardia, Espiñeira, Os Durans, Castro, A Baldosa, Centro, A Maroma, As Bocas, Cornazo de Abaixo, A Xunqueira, Vilaboa, A Laxe, A Coca, O Piñeiriño, As Carolinas e A Florida

Vilagarcía, capital da Ría de Arousa e porto natural de Santiago de Compostela. Polas súas características xeográficas, é un foco de atracción para moitas persoas, que escollen esta cidade para fixar a súa residencia, xa sexa primeira, segunda ou de vacacións. Segundo o padrón municipal, a súa poboación no ano 2022 son 37.677 persoas, sendo a novena cidade galega en poboación e a terceira da provincia tras Vigo e Pontevedra.

Poucas cidades poden ofrecer unha situación e un clima como o que goza Vilagarcía, á beira do

mar e sen temperaturas extremas, e, ademais, porto de interese xeral, estación do ferrocarril, acceso directo á autopista, aeroporto de Santiago a 57 Km, aeroporto de Vigo a 42 Km, hospital, recinto feiral, cámara de comercio, un rico patrimonio histórico-artístico, unha gastronomía na elite galega, comercio tradicional e franquías internacionais, praia e porto deportivo con bandeira azul, paseo marítimo, complexo polideportivo que inclúe piscina e estadio de atletismo, festas de interese turístico e unha ampla e variada oferta lúdica, cultural e deportiva.

Vilagarcía de Arousa



Bandeira



Escudo





País  [España](#)

Com. autónoma  [Galicia](#)

Provincia  [Pontevedra](#)

Comarca [Salnés](#)

Vilagarcía, que ten festas declaradas “de interese turístico” (procesión de San Roque, Festa da Auga, Festa da Ameixa de Carril, Combate Naval, Mostra do Albariño...), está a 52 Km de Santiago (Patrimonio da Humanidade) e a 53 Km de Vigo, coa súa oferta comercial e lúdica, a 25 quilómetros de Pontevedra, a capital provincial, a 12 de Cambados (Festa do Albariño e conxunto histórico), a 30 do Grove (Festa do Marisco) e A Toxa (Gran Hotel e Balneario), a 8 de Catoira (Romaría Viquinga), a 25 de Sanxenxo (capital do turismo galego), e a pouco máis dunha hora de Portugal por autovía.

A situación socioeconómica da zona atópase maioritariamente no sector servizos, aínda que tamén hai unha parte que se dedica ao sector secundario en fábricas da zona.

1.1.3- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A cifra total de alumnos oscila normalmente sobre os 500 alumnos. O reparto, sempre e cando os grupos estivesen co súa ratio, sería do seguinte xeito:

CURSO	A	B	C	TOTAL
3 ANOS	25	25	20	70
4 ANOS	25	25	20	70
5 ANOS	25	25	20	70
1º	25	25	20	70
2º	25	25	20	70
3º	25	25	20	70
4º	25	25	20	70
5º	25	25	20	70
6º	25	25	20	70
TOTAL	225	225	180	630

Cómpre destacar unha serie de trazos característicos do alumnado do CEIP A Lomba:

- Este centro soporta gran cantidade de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e con dificultades que precisan unha resposta educativa con medidas e accións de atención á diversidade.

- Existe unha alta porcentaxe de alumnado estranxeiro, así como unha alta porcentaxe de alumnado de integración tardía.
- A lingua vehicular maioritaria é o castelán, concretamente máis do 90% do alumnado é castelán falante. .O seu nivel sociocultural é medio-baixo.

AS FAMILIAS DO ALUMNADO DO CENTRO

Destacan as seguintes características:

- Pais e nais con predominio de idades na adultez (entre os 30 e os 40 anos).
- Nivel formativo familiar medio.
- Alta porcentaxe de paro a nivel familiar.
- Importante incidencia da ANPA, como forma de organización das familias, e utilización das súas actividades.
- Alta porcentaxe de familias estranxeiras e de familias en risco de exclusión social.

2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutramento, sectarismo e proselitismo, aínda que se declara esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Tentamos formar para a paz e rexeitamos a violencia polo tanto é unha esixencia inescusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar. Pretendemos que os nosos alumnos se formen para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade. Polo tanto intentaremos acadar un ensino de calidade que abrangue a todos os niveis e a todo o alumnado. Isto levará ao noso alumnado a formarse como persoas competentes para desenvolverse na vida, abertas aos cambios e innovacións, tolerantes ante as diferenzas tanto individuais como culturais ou relixiosas. Amosarán un respecto polo medio ambiente e pola súa herdanza cultural e lingüística, pero estarán sempre abertos ao descubrimento doutras realidades e culturas. Farémolos responsables das súas actuacións no ámbito persoal e social, conscientes da igualdade entre homes e mulleres e motivarémolos para que avancen na súa formación persoal, social, intelectual e laboral.

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación. A igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por necesidades específicas de apoio educativo.

Os **principios** que defendemos e polos que traballamos son os seguintes:

- O centro declárase a favor da coeducación tendo como obxectivo fundamental axudar ó alumnado na busca da súa propia identidade persoal, eliminando mitos e tabús.
- O centro preconizará unha xestión de participación e democrática, en todos os estamentos que o compoñen, por medio de organismos representativos, e favorecerá as relacións deste coas institucións do seu entorno.
- Pretendemos desenvolver no alumnado as capacidades creativas e o espírito crítico fomentando a adquisición de valores tales como a autoestima, a creatividade, a liberdade, a autonomía e a independencia persoal.
- Manteremos aberta a escola ás demandas sociais e culturais do pobo como un servizo público que somos.
- Optamos por unha metodoloxía didáctica, aberta e flexible, baseada principalmente nos principios fundamentais que rexen a aprendizaxe significativa:
 - Ensino- aprendizaxe personalizada.
 - Promoción da autonomía.
 - Potenciación da actividade do alumnado
 - Potenciación da interacción entre o profesorado e o alumnado, o alumnado, o profesorado e a comunidade.
 - Globalización
 - Comezo, sempre que sexa posible, a partir das vivencias e experiencias do propio alumno
 - Toma de conciencia, por parte do alumnado, do momento en que se atopa o seu proceso de aprendizaxe.
- A orde e a disciplina, que son necesarios para a vida e o traballo escolar, non son entendidos nin como unha rutina nin como a mera consecuencia da coerción; pola contra, a labor educativa da escola neste sentido basease no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión e na colaboración e solidariedade.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

O centro ten dous edificios separados entre eles unha distancia de 2 Km aproximadamente.

O **edificio de A Lomba** é un edificio de nova construción de tres plantas.

- Na planta baixa encóntranse as aulas de Educación Infantil, Conserxería, Secretaría, Dirección, Xefatura de Estudos, Orientación, Sala de Profesores, Almacén, Cociña, Comedor e Aseos do profesorado.

- No primeiro andar atopamos as aulas de 1º, 2º e 3º, a aula de Informática, a aula de Música, dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, a aula de Audición e Linguaxe, a Biblioteca, a Sala de Usos Múltiples e dous aseos.

- No segundo andar atópanse as aulas de 4º, 5º e 6º, a aula de Atención Educativa, a aula de Proa, o Ximnasio e dous aseos.

Cóntase tamén dentro do recinto cun pavillón, unha pista polideportiva e un patio que se comparte co CEIP Arealonga.

O edificio do Anexo é un edificio antigo de dúas plantas.

- Na planta baixa sitúanse as aulas de Educación Infantil, a aula de Informática, a aula de Audición e Linguaxe, Conserxería e a sala de Psicomotricidade.

- Na primeira planta están 6 aulas de Educación Primaria, unha sala de material e reprografía, a sala de Profesores, a aula de Pedagogía Terapéutica e a Biblioteca.

Tamén ten un patio de recreo máis ben pequeno que conta cun espazo reservado para a ANPA. Non dispón de ximnasio nin pavillón polo que temos que desprazarnos ao Colexio de Educación Especial que temos a carón e que amablemente nos prestan unhas horas, non cubrindo todas as de E. F.

Neste anexo a ratio das clases é de 20 alumnos por aula debido a escaseza de espazo nas mesmas.

O centro ten dúas ANPAs: Unha que representa aos pais e nais do edificio da Lomba e outra que representa aos do edificio Anexo. A ANPA máis representativa é a pertencente ao edificio Anexo.

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

- O horario do noso centro é de xornada continuada de 09:15 a 14:15 h. durante todo o curso.

A apertura das instalacións do centro farase ás 09:00 h., sendo a nai/pai ou titor/a legal o responsable do seu fillo/a ata a entrada ás clases. As familias disporán dun máximo de 15 minutos para abandonar o recinto escolar, polo que os portais pecharanse ás 09:30h.

O horario de saída é as 14:15h. As instalacións abriranse ás 14:00 h. e pecharanse ás 14:30 h.

- HORARIO LECTIVO:

	HORA
--	-------------

1ª SESIÓN	09:15-10:05
2ª SESIÓN	10:05-10:55
3ª SESIÓN	10:55-11:45
RECREO	11:45-12:15
LECTURA	12:15-12:35
4ª SESIÓN	12:35-13:25
5ª SESIÓN	13:25-14:15

➤ HORARIO DE RECREOS

O período de recreo para o alumnado é de 11:45 a 12:15 h. O alumnado de Educación Infantil, por tratarse dunha etapa cunhas características especiais, será flexible e dependerá das actividades planificadas polo profesorado de dita etapa e atendendo sempre á normativa do ciclo.

➤ HORARIO DE ATENCIÓN PAIS

Os pais, nais, titores legais do alumnado serán atendidas por todo o profesorado durante unha hora semanal de titoría, os martes de 16:00 a 17:00h. É recomendable solicitar cita previamente.

➤ HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Secretaría atenderá de luns a venres de 09:15 a 13:00 h.

➤ HORARIO DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

***Transporte escolar**

- Entrada: entre 09:00 – 09:15 h

- Saídas: entre 14:15 – 14:30 h/ Comedor: 15:15 – 15:30 h.

***Comedor escolar**

O horario do comedor escolar é de 14:15 a 15:15 h.

***Plan Madruga**

O horario de plan madruga nos dous centros é de 7:30 a 9:15 h.no Edificio Lomba e de 7:45 a 9:15 no Edificio Anexo.

➤ HORARIO DE BIBLIOTECA

- Luns, mércores ,xoves e venres de 16:00 a 18:00 horas.
- HORARIO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A ANPA é a que oferta as actividades extraescolares do centro. Estas desenvólvense polas tardes e o horario das mesmas é informado ás familias.


- HORARIO DE VERÁN:
 - Secretaría: de luns a venres de 09:30 a 12:30 h.
 - Equipo Directivo: de luns a venres de 10:00 a 13:30 h.

No mes de agosto o centro permanecerá pechado.

3.3. ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

Como dixemos anteriormente, o CEIP A Lomba é un centro coa peculiaridade de ter dous edificios separados a 2 Km. aproximadamente polo que a súa área de influencia abrangue infinidade de parroquias polo que moito do alumnado acude ao centro empregando o transporte escolar.

A continuación temos un mapa da zonificación que abrangue o centro:



EDIFICIO "A LOMBA" (LÍNEA 2)

EDIFICIO ANEXO (LÍNEA 1)

		1)
4º EI - A	4º EI - B	4º EI - C
5º EI - A	5º EI - B	5º EI - C
6º EI - A	6º EI - B	6º EI - C
1º EP - A	1º EP - B	1º EP - C
2º EP - A	2º EP - B	2º EP - C
3º EP - A	3º EP - B	3º EP - C
4º EP - A	4º EP - B	4º EP - C
5º EP - A	5º EP - B	5º EP - C
6º EP - A	6º EP - B	6º EP - C

PARROQUIAS (BUS)		
A TORRE	FIGUEIRIDO	TRABANCA
CORNAZO	A LAXE	COMPOSTELA
FLORIDA	MARXIÓN	CONCELLO

Como centro adscrito temos o IES CASTRO ALOBRE, para cando o alumnado remata a Educación Primaria no noso centro.

4. OFERTA EDUCATIVA

4.1. ETAPAS EDUCATIVAS

As etapas educativas que se desenvolven no centro corresponden a Educación Infantil e Educación Primaria.

No Edificio Lomba existen dúas aulas por nivel; tanto en Educación Infantil como en Primaria, denominadas coas letras “A” e “B”. A rateo está en 25 alumn@s por aula.

No Edificio Anexo hai un aula por nivel tanto na etapa de Educación Infantil como en Primaria, denominadas coa letra “C”. Polas características do edificio e das aulas que son dun tamaño inferior, a rateo neste edificio é de 20 alumn@s por aula.

Os grupos terían esta organización:

CURSO	AULA	NÚMERO
EDIFICIO LOMBA		
4º ED. INFANTIL	A	25
	B	25
5º ED. INFANTIL	A	25

	B	25
6º ED. INFANTIL	A	25
	B	25
1º ED. PRIMARIA	A	25
	B	25
2º ED. PRIMARIA	A	25
	B	25
3º ED. PRIMARIA	A	25
	B	25
4º ED. PRIMARIA	A	25
	B	25
5º ED. PRIMARIA	A	25
	B	25
6º ED. PRIMARIA	A	25
	B	25
EDIFICIO ANEXO		
4º ED. INFANTIL	C	20
5º ED. INFANTIL	C	20
6º ED. INFANTIL	C	20
1º ED. PRIMARIA	C	20
2º ED. PRIMARIA	C	20
3º ED. PRIMARIA	C	20
4º ED. PRIMARIA	C	20
5º ED. PRIMARIA	C	20
6º ED. PRIMARIA	C	20

No momento da admisión de alumnado no centro realízase no CEIP A Lomba, non nun edificio en concreto, dependendo da oferta de plazas entrará nun dos dous edificios.

4.2. ORGANIZACIÓN DA OFERTA

Todos os anos o claustro de mestr@s elixe un tema xeral para abordar o PDI proposto dende a biblioteca. Se traballará en todos os niveis por medio de actividades e un produto final dependendo o curso no que está o alumnado.

O centro oferta entre relixión católica ou Valores sociais e cívicos/Proxecto competencial para alumnado que non opte pola relixión. Dentro de este ámbito traballaranse contidos relacionados con diferentes competencias traballadas baseándose no PDI do curso.

➤ EDUCACIÓN INFANTIL

Nesta etapa priorízase o desenvolvemento da autonomía, socialización, movemento, comunicación, xogo e descubrimento.

O alumnado traballará por proxectos a partir de centros de interese e a organización espacial da aula distribuirase por agrupamentos onde o alumnado estea a gusto e logre desenvolver destrezas básicas propias desta etapa.

En canto aos tempos, respectarase unha proporción de traballo – descanso – xogo axeitada a estas idades.

Ao comezo de curso realizarase unha primeira reunión informativa dos titor@s coas familias para explicar normas, hábitos, o proceso de aprendizaxe, a liña metodolóxica levada a cabo e aspectos formais da avaliación.

A avaliación nesta etapa é un proceso de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, tendo carácter globalizador.

As familias recibirán trimestralmente o boletín oficial do centro cumprindo coa Orde de avaliación vixente.

➤ EDUCACIÓN PRIMARIA

Nesta etapa realizarase unha liña que favoreza o traballo colaborativo e a adquisición das competencias facendo fincapé na expresión escrita, comprensión lectora, lectoescritura e razoamento lóxico – matemático.

O horario do alumnado está distribuído en 5 sesións de 50 min cada unha aproximadamente, con media hora de recreo e a continuación 20 min de lectura entre a 3º e 4º sesión.

Ao comezo de curso realizarase unha primeira reunión informativa dos titor@s coas familias para explicar normas, hábitos, o proceso de aprendizaxe, a liña metodolóxica levada a cabo e aspectos formais da avaliación.

Nas primeiras semanas faremos unha avaliación inicial para detectar dificultades e necesidades e á búsqueda de medidas adecuadas. Nas sucesivas avaliacións valorarase se as medidas adoptadas foron satisfactorias ou haberá que adoptar medidas diferentes.

As familias recibirán trimestralmente o boletín oficial do centro cumprindo coa Orde de avaliación vixente.

5. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

5.1. COMEDOR

Modalidade de xestión do servizo de comedor: Xestión directa, tipo C, .onde a contratación do persoal de cociña é a cargo da Consellería.

Número de usuarios: 202 alumnos/-as máis os responsables do servizo de comedor (17) quedando distribuídos en:

ALUMNADO	COLABORADORES	COIDADORAS	PERSOAL COCIÑA	DIRECCIÓN
202	10	2	3	1

Persoal do servizo de comedor:

- Dirección do comedor: corresponde ao director/-a do centro que pode delegar nun membro do claustro segundo a normativa vixente en relación aos responsables de comedor.
- Encargada de comedor: un mestr@ colaboradora
- Persoal de cociña encargado de preparar a comida, poñer as mesas, servir a comida, recoller e fregar: 3 persoas.
- Colaboradores
- A/ascoidora/-s do colexio: se hai alumnado NEE usuario de comedor que necesita a súa atención.

Horario:

Nos primeiros días de setembro e antes do inicio das clases:

Se a totalidade do alumnado que solicitou o servizo de comedor non foi admitido por falta de prazas, a través do Consello Escolar e segundo a normativa de prioridade dos criterios de admisión lévase a cabo a baremación.

De ser todos admitidos e haber interesados fóra de prazo para ser usuario do servizo de comedor, ábrese unha lista de espera coa data de petición de dito servizo e de haber vacantes ou baixas, estas vanse cubrindo, por rigorosa orde de petición.

Alumnado con dietas especiais: O alumnado con dieta especial (intolerancia, alerxia,...) deberá entregar no colexio un informe médico. O persoal que traballa no servizo de comedor será informado do tipo de dieta que ten que seguir.

Pagamento das tarifas de comedor: O alumnado será usuario gratuíto ou usuario pagador segundo as Instrucións da Consellería para cada curso académico. A familia do alumnado que aboa unha taxa por facer uso deste servizo, deberá comunicar ao centro o día que non vai facer uso do comedor antes das 10 da mañá para que non llo cobren.

O impagamento deste servizo impedirá optar a praza no curso posterior mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

Normas de funcionamento e de convivencia do comedor escolar: Segundo a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o alumnado debe respectar as Normas de funcionamento e de convivencia do comedor escolar:

- Os nenos/-as deberán permanecer no sitio adxudicado dende o primeiro día de curso.
- O alumnado está obrigado a respectar aos compañeiros/as e ao persoal, obedecendo e seguindo as súas indicacións.
- O alumnado deixará as súas mochilas, cazadoras,... nos andeis que teñen a súa disposición seguindo as indicacións do profesorado encargado.
- Deben ir ao baño e a lavar as mans, antes de entrar no comedor.
- Por norma xeral, non poderán levantarse durante a comida e, ante unha necesidade, levantarán a man para solicitar o permiso dos responsables do comedor.
- Está prohibido xogar, tirar ou sacar a comida do comedor.
- O alumnado cumprirá unhas normas básicas de comportamento (postura correcta, inxerir a comida de maneira doada)

- Ao rematar, o alumnado permanecerá sentado no seu sitio, ata que os responsables permitan saír do comedor, de xeito ordenado e seguindo as instrucións estipuladas ao comezo do curso.

- O alumnado de 5º e 6º de EP poderá ir só a casa, previa autorización por escrito dos pais ou titores legais.

5.2. TRANSPORTE ESCOLAR

O centro ten adxudicados 8 autobuses no edificio “A Lomba” , 1 no edificio “Anexo” e dous autobús para facer o traxecto do alumnado de comedor do Anexo ao edificio “ A Lomba”.

Cómpre sinalar que os traxectos de entrada (09:15 h) e saída (14:15 h) son compartidos co CEIP Arealonga.

LIÑA 1	A Torre
A TORRE	Concello
LIÑA 2	Francesa
CORNAZO	Paradela
	Galufa
	Veiga
LIÑA 3	Florida
FLORIDA	As Carolinas
	Grupo S. Roque
LIÑA 4	Figueirido 137
FIGUEIRIDO	Figueirido 107
	Vilaboa
LIÑA 5	Canteira
A LAXE	Pontevedra
	A Laxe

LIÑA 6	Marxión
MARXIÓN	Estación Servicio
LIÑA 7	A Pena
TRABANCA	Bouza Xusta 26
	Bouza Xusta 1
	Camiño Real 45
	Casa Cultura
LIÑA 8	Praia Compostela
PRAIA	San Xosé
COMPOSTELA	Ramal
	Casa do Mar
LIÑA 9	A Torre
ANEXO	Trabanca
	A Laxe
LIÑA10	
ANEXO-COMEDOR	

5.3. OUTROS SERVIZOS

PLAN MADRUGA

A aula madruga está enfocada para poder conciliar a vida laboral e familiar de todos os pais e nais. Este servizo o xestionan as ANPAs do centro (Lomba e Anexo)

O seu horario é de 07:30 a 09:15 h na Lomba e de 7:45 a 9:15 no Anexo.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares son propostas cada ano polas ANPAs dos dous edificios e impartidas por academias e asociacións.

Como posibles actividades temos: baile moderno, natación, zumba, teatro musical, multisensorialidade, danza contemporánea, kempo, piragüismo, reforzo escolar, school of dance, capoeira...

7. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA

PROFESORADO DO CENTRO

O CEIP A Lomba conta con 47 mestres/ as, distribuídos, por especialidades, do seguinte xeito:

Titoras de Educación Infantil	9
Titores/as de Educación Primaria	18
Especialista en Educación Musical	2
Especialista en Educación Física	3
Especialista en Lingua Estranxeira	3
Especialistas en Relixión	2
Apoios xenéricos (en Educación Infantil)	3
Especialistas en Pedagogía Terapéutica	3
Especialista en Audición e Linguaxe	2
Orientadora	1

Cómpre sinalar que algunhas das prazas dos especialistas son compartidas con outros centros:

- Unha praza de AL comparte o Edificio Anexo coas unitarias da zona.
- Unha praza de Relixión comparte o Edificio Anexo con outro centro da zona.

Ademais hai profesorado provisional que teñen prazas con diferentes perfis para poder dar resposta as múltiples necesidades educativas do centro.

Tamén hai maestr@s que traballan nos dous edificios intentando, no momento de elaborar os horarios, que teñan o día completo nun mesmo edificio.

O profesorado e sobre todo as funcións variarán en función dos anos e das necesidades do centro.

A maioría do profesorado é de sexo feminino, cunha media de idades comprendidas entre os 25 e os 55 anos e case todo o profesorado é definitivo no centro.

➤ ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

- ❖ Director/a
- ❖ Xefe/a de Estudos da Lomba

- ❖ Xefe/a de Estudos do Anexo
- ❖ Secretario/a

➤ **ÓRGANOS COLEXIADOS**

- **Consello Escolar** que reúnese polo menos unha vez ao trimestre, previa convocatoria, e está composto por:

- ❖ Director/a
- ❖ Xefe/a de Estudos da Lomba
- ❖ Xefe/a de Estudos do Anexo
- ❖ Cinco Representantes do Profesorado
- ❖ Catro Representantes de pais/nais por elección.
- ❖ Un Representante de pais/nais por asignación da ANPA maioritaria.
- ❖ Representante de persoal non docente
- ❖ Representante municipal

- **Xunta Económica:**

- ❖ Director/a
- ❖ Representante de pais/nais
- ❖ Representante do profesorado

- **Claustro do Profesorado** que reúnese polo menos unha vez ao trimestre, previa convocatoria.

- ❖ Composto por todos os mestres do centro.

➤ **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

Equipos de Ciclo. Compostos por todo o profesorado que sexa titor de cada un dos ciclos e por outros especialistas que inciden no mesmo.

- Educación Infantil
- Primeiro Ciclo de Educación Primaria
- Segundo Ciclo de Educación Primaria
- Terceiro Ciclo de Educación Primaria

➤ **CCP**

Comisión de Coordinación Pedagóxica. Constituída polo Director, Orientadora, Xefe/as de Estudos, profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e os coordinadores dos distintos ciclos e equipos.

➤ **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Departamento de Orientación. Constituído pola Orientador/a, o profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, e os coordinadores dos distintos ciclos:

➤ **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Constituído alo menos por unha persoa de cada ciclo e exercendo unha delas como coordinador.

➤ **EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Constituído alo menos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas como coordinadora e tendo un responsable no outro edificio.

➤ **EQUIPO DE BIBLIOTECA**

Constituído alo menos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas como coordinadora e tendo un responsable no outro edificio.

➤ **EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE**

Constituído alomenos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas de coordinad@r

➤ **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC**

Constituído alo menos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas de coordinad@r.

8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAI DO ENTORNO

O centro poderá establecer relacións de colaboración con entidades que o soliciten sempre que sexa posible e poida enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

As solicitudes de colaboración que se fagan son valoradas polo Equipo Directivo e o equipo de actividades complementarias así como cos titores ou especialistas dos niveis implicados.

Algunhas das institucións e entidades coas que colaboramos son:

- Concello.
- CIM de Vilagarcía
- Comisión de Igualdade de Vilagarcía
- SPAD de Vilagarcía
- Policía Local e Nacional a través do plan Director.
- Servizos Sociais: a educadora familiar réunese coa orientadora do centro unha vez ao trimestre, sempre que no centro estea matriculado alumnado en seguimento por

este servizo ou dende o centro se estime oportuna a comunicación co mesmo.

- Servizos sanitarios: a coordinación cos servizos sanitarios é de vital importancia,, sobre todo para alumnado en Alerta Escolar, para iso dispomos duns números de teléfono aos que poder contactar en caso de que sexa necesario.
- Administración: facilitarase aquela información que sexa requirida.
- Asociacións nas que pode estar o alumnado por prestar algún tipo de servizo relacionado coas súas necesidades específicas: Cruz Vermella, Amigos de Galicia, Centro de Día de Vilagarcía., ou diversas ONG...
- UDIAF, BATA, centros logopédicos externos... que atenden a alumnado do centro, xa que consideramos fundamental unha boa coordinación para o seu óptimo desenvolvemento.

9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

O procedemento de difusión da documentación do centro para que toda a comunidade educativa teña información de todos os documentos, realízase a través da publicación na páxina web do centro.

O documento se enviará ao profesorado do centro e consello escolar mediante o correo electrónico corporativo, para a súa lectura, o seu coñecemento e aprobación.

Documentos		Data aprobación Claustro	Data aprobación Consello Escolar	Data próxima revisión
PROXECTO EDUCATIVO		15/11/22	15/11/22	2026
Documentos incluídos dentro do Proxecto Educativo	Plan Xeneral de Atención á Diversidade	31/05/16 en elaboración	31/05/16 en elaboración	
	Plan de Orientación	11/10/22 anual	11/10/22 anual	2023
	Plan Acción Titorial	26/10/21	26/10/21	2025
	Plan de convivencia	07/09/21	07/09/21	2025
	Plan de igualdade	07/09/21	07/09/21	2025
	Proxecto Lingüístico	08/10/2019	08/10/2019	2023
	Plan Biblioteca	11/10/22	11/10/22	2023
	Proxecto Lector	en elaboración	en elaboración	
	Plan de Formación e Dixitalización do profesorado.	11/10/22 anual	11/10/22 anual	2023
	Plan Dixital	29/06/21	29/06/21	2025
	Plan ACE	Pendente elaboración		
	Plan Act. Físicas e Hábitos Saudables	Pendente elaboración		
	Plan Actuación ante Emerxencias ou ,de ser o caso, Plan Autoprotección	07/09/21 Modificado 01/09/22	07/09/21 Modificado 01/09/22	2025
	CONCRECIÓN CURRICULAR	29/03/21	29/03/21	2025
	NOFC	15/11/22	15/11/22	2026
PROXECTO DE XESTIÓN	-----	-----		
PLAN DE MELLORA (anual)	29/06/21	29/06/21	2022	

10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa anterior**, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan.

Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

Polo tanto as valoracións e modificacións estableceranse cada curso escolar, e virán determinadas polos cambios normativos, polos resultados das avaliacións, por novos planteamentos, a raíz das propostas da maioría dos membros da Comunidade Educativa.

Na dirección do centro haberá un exemplar a disposición da comunidade educativa para a súa consulta.